

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA VICEPRESIDENCIA PRIMERA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, JUSTICIA Y TURISMO DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA FUNDACIÓN UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA EL PROYECTO “FORTALECIMIENTO DE LAS ACCIONES DE VACUNACIÓN CONTRA EL CORONAVIRUS, LA POLIO Y EL SARAMPIÓN EN LAS REDES DE SALUD DE LOS DEPARTAMENTOS DE LA PAZ, COCHABAMBA Y PANDO. BOLIVIA”

(1) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 85.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a Cooperación Galega intervirá prioritariamente, entre outros, no ámbito da acción humanitaria e axuda de emerxencia.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

A pandemia do COVID-19 é unha ameaza global e, como tal, require solucións globais. Por isto, na primavera de 2020, creouse o Acelerador do acceso ás ferramentas contra a COVID-19 (ACT-A), unha colaboración mundial –entre gobernos, científicos, organizacións da sociedade civil, filántropos e organizacións sanitarias– para acelerar o desenvolvemento, a produción e o acceso ás probas diagnósticas, os tratamentos e as vacinas contra a COVID-19. O Mecanismo



de Acceso Mundial ás Vacinas COVID-19 (Mecanismo COVAX) forma parte deste e céntrase nun acceso rápido, xusto e equitativo ás vacinas contra a COVID-19. O seu obxectivo, por tanto, pasa por garantir que as persoas de todos os rincóns do mundo, independentemente dos seus ingresos, podan recibir as vacinas contra o coronavirus a medida que estean dispoñibles. O Mecanismo COVAX está codirixido pola Alianza Mundial para Vacinas e Inmunización (Gavi) –da que forma parte UNICEF–, a Coalición para a Innovación na Preparación de Epidemias (CEPI) e a Organización Mundial da Saúde (OMS).

Neste contexto, UNICEF lidera a cadea de subministracións para vacinas, test e tratamentos, reforzando os sistemas de saúde dos países receptores en catro puntos principais: fortalecemento das cadeas de frío e de subministracións, formación ao persoal sanitario, difusión de información veraz sobre a vacinación coas comunidades para xestionar desconfianzas, informacións erróneas ou desinformación e asegurar que as vacinas tamén cheguen á poboación que vive en zonas afectadas por crisis humanitarias.

(3) Finalidade establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e UNICEF Comité Español para a execución do proxecto “Fortalecemento das accións de vacinación contra o Coronavirus, la Polio e o Sarampión nas Redes de Saúde e dos departamentos de La Paz, Cochabamba e Pando. Bolivia

(4) O obxecto do convenio é previr e mitigar os impactos da pandemia da Covid-19 nos departamentos de La Paz, Cochabamba e Pando, en Bolivia, a través da mellora do acceso da poboación a servizos de vacinación, en adultos contra o coronavirus e en menores de cinco anos contra o sarampión/poliomielitis por medio de campañas de vacinación e accións de comunicación social.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos e establecer estratexias que dean resposta á loita contra a pandemia do coronavirus.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 100.000 € (cen mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.





(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

